

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AXENCIAA TURISMO DE GALICIA E O CLUSTER ESPAÑOL DE TURISMO DE SAÚDE (SPAINCARES) PARA A REALIZACIÓN E POSTA EN MARCHA DO PLAN DE TURISMO DE SAÚDE E TERMAL EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade Asociación Clúster Español de Turismo de Saúde (Spaincares) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

O establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre Axencia Turismo de Galicia e Spaincares para a elaboración dun Plan de turismo de saúde e termal en Galicia. O plan incluírá un estudo – diagnóstico previo que mostre, con carácter xeral, a posición dos distintos recursos e servizos turísticos en Galicia para poder desenvolver experiencias para este segmento potencial de demanda, estableceranse as liñas estratéxicas e as actuacións correspondentes de desenvolvemento.

Este Plan poñerá a disposición de Turismo de Galicia unha análise global en canto ao volume, tendencias e dirección do mercado de turismo de saúde e de potencialidade concreta en canto á operativa de captación e xestión do turista de saúde en Galicia. Así mesmo, facilitará un estudo de tendencias que permita trasladar ás potenciais empresas unha visión competitiva do mercado dentro dun marco de internacionalización do sector en España.

Esta información facilitará a Turismo de Galicia o deseño das actuacións para realizar ao obxecto de converter a Galicia nun referente en turismo de saúde, nun destino coñecido e



valorado polo mercado e os potenciais turistas e a súa difusión a través das canles de comercialización especializados neste produto.

O estudo completárase co deseño e maquetación de soportes promocionais para a difusión e facilitarase a asistencia a feiras especializadas e eventos sectoriais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo.

Que no exercicio das súas funcións a este órgano correspóndelle executar, entre outras, as medidas definidas para o impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico, o incremento das magnitudes cuantitativas e cualitativas turísticas e a colaboración entre todos os axentes turísticos tanto no ámbito da Administración pública como no sector privado.

Segundo.- Que o Plan Integral de Turismo de Galicia (PITG 2014-2016), cuxo DAFO, inclúe dúas consideracións que fomentan o desenvolvemento do turismo de saúde:

- Fortaleza (F18): Capacidade do sector para a creación e aproveitamento de novos produtos turísticos que mostran un crecemento ascendente e axudan á diversificación e desestacionalización, como son o turismo de saúde, o turismo idiomático, etc.
- Oportunidade (Ou12): Considera que a entrada en vigor da Directiva Europea de Asistencia Sanitaria Transfronteiriza (Directiva 2011/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na



asistencia sanitaria transfronteiriza), fomenta o desenvolvemento do turismo de saúde e do turismo termal

O PITG 2014-2016, en base a estas consideracións, establece liñas de acción concretas que facilitan o desenvolvemento do estudo do Turismo de Saúde en Galicia:

LIÑA ESTRATÉXICA 2:

A OFERTA TURÍSTICA BASEADA NO PATRIMONIO E PRODUTOS ENDÓXENOS, BUSCANDO A DESETACIONALIZACIÓN E NOVOS PÚBLICOS, na que se inclúe a actuación:

A.2.11. “Desenvolvemento e promoción de produtos turísticos emerxentes”: coa seguinte acción a impulsar:

- Apoio ao desenvolvemento do Turismo de Saúde a través do deseño de programas específicos

Apoio ao desenvolvemento do turismo de saúde a través do fomento de programas específicos post-ingreso para pacientes e acompañantes. Este desenvolvemento basearase no fomento da cooperación entre centros de saúde e as axencias de viaxes de receptivo de Galicia, para o deseño de paquetes de servizos turísticos para acompañantes e para pacientes tras o seu ingreso, adaptados ás diferentes necesidades destes, as súas preocupacións, ...

Terceiro.- Que Spaincares é unha alianza estratéxica entre o sector da saúde e o de turismo en España, que ten como principais obxectivos situar a España como un referente no mercado mundial de Turismo de Saúde e atraer fluxos de pacientes cara aos centros de saúde e infraestruturas turísticas, mediante a creación dun portal online que sirva de escaparate no estranxeiro para ambos os sectores

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia e Spaincares consideran necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso ao turismo de saúde co fin de mellorar a competitividade, para que o turismo de Galicia siga afianzándose como o principal inductor de progreso económico-social e para os efectos do deseño das accións precisas tendentes á



elaboración dun plan de actuacións do turismo de saúde e termal nesta Comunidade Autónoma.

Quinto.- Que os estudos de Spaincares diagnostican o impacto do turismo de saúde cunha perspectiva global dos efectos que este turismo ten sobre o conxunto de variables e decisións dos diversos axentes económicos dunha comunidade autónoma, ademais de favorecer á súa toma de decisións. A partir destes estudos derívase un sistema de coñecemento turístico no que se inclúe unha valiosa información sobre os niveis de consumo relacionados con esta actividade turística, o coñecemento e análise do conxunto de prestadores de servizos que compoñen a cadea de valor do turismo de saúde e termal, os vínculos existentes entre as diversas ramas características da actividade turística e o sector de saúde da comunidade e a identificación das oportunidades para mellorar a produtividade do sector.

Un estudo destas características constitúe unha ferramenta fundamental para definir as directrices para seguir na planificación, fomento e promoción do turismo en Galicia, obxectivos comúns baseados en fins de interese público.IV. Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución dos fins comúns de interese público, social, económico e humanitario, expostos nos puntos anteriores, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio

Sexto.- Spaincares é a única entidade que pode desenvolver este proxecto, pola especialización da mesma nas actividades a desenvolver neste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.





**XUNTA
DE GALICIA**

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500

galicia

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora da Axencia de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

